

MINISTERIO DE ASUNTOS ECONÓMICOS E TRANSFORMACIÓN DIXITAL E INE Grupo de Traballo do INE e Mesa Delegada e Subcomisión do Ministerio

Este mes tivemos xuntanzas do Grupo de traballo do INE e a Subcomisión e a Mesa Delegada do noso ministerio, este é un resumo das últimas novidades:

Incremento salarial 2023 e atrasos

O incremento pendente do 0,5% e os atrasos correspondentes do ano 2023, no INE os farán efectivos no mes de marzo.

Provisión de postos

A oferta acumulada de 2020, 2021 e 2022 esta a piques de rematar, o persoal do C1 estatística xa tomou posesión e os dos A1 e A2 están rematando as prácticas e á espera de destino para tomar posesión. A oferta do ano 2023 tamén esta en marcha, os corpos do A1 e A2 teñen o primeiro exame no mes de marzo e o C1 de Oferta Libre e Promoción Interna publicouse o xoves da semana pasada no BOE. O proceso de estabilización do persoal laboral do 3G está pendente da resolución dun recurso que afecta á aplicación dos criterios de desempate das persoas aprobadas. Tamén están en proceso un concurso de traslados específico do persoal funcionario e un de persoal laboral do Anexo I e outro do Anexo II.

CATI tarde

Na anterior reunión, o responsable de Recollida de Datos nos dixera que en este primeiro trimestre nos darían traslado dunha proposta do Consello de Dirección para aquelas CATI tarde con poucos efectivos, pero aínda non a teñen definida e pospoñen a súa presentación á parte social para a vindeira reunión do mes de abril.

Retribucións

A parte do insuficiente incremento salarial derivado do acordo das centrais sindicais maioritarias que xa comentamos, desde o INE infórmannos da creación dun Grupo de Traballo dependente do Consello de Dirección que está elaborando unha nova proposta para o reparto da produtividade do persoal funcionario e laboral. Esta situación, segundo a súa versión, deriva das novas incorporacións de persoal funcionario e da conversión de persoal laboral en funcionario. Desde o noso sindicato sospeitamos que tamén existen outros motivos, como a proposta de Función Pública de financiar a posible carreira profesional cos fondos de produtividade. De todos os xeitos, desde a CIG incidimos en que non pasaremos por outra proposta que non remate coas enormes desigualdades existentes entre laborais e funcionarios e entre persoal de delegacións e de Servizos Centrais, pero moito nos tememos que o único que pretenden é blindar os privilexios dunha minoría.

Xubilación parcial e contratación temporal

Seguimos cun enorme retraso na aplicación deste dereito, comunicánnos que os primeiros contratos de relevo están en intervención. Non era sen tempo, foron moitas e moitos as compañeiras e compañeiros que non puideron exercer este dereito. Desde a CIG temos coñecemento de sentenzas que condenan a indemnizar ó persoal que polas demoras ou trabas da Administración non se puido xubilarse parcialmente. Non dubidades en contactar connosco para recibir asesoramento se estades en esa situación.

Medicións de Gas Radon

Seguimos en contacto co INE en relación cos resultados das segundas medicións realizadas nos centros con valores elevados. Nas Delegacións de Pontevedra e Ourense as medidas de ventilación foron suficientes para acadar niveis axeitados, en Lugo é preciso instalar sistemas de ventilación forzada nalgunha sala (sala de Formación e Soto) pero no resto son correctas, Na Coruña as medicións arroxaron outra vez niveis moi por riba do recomendable en varios espazos. Como lle pedimos desde a CIG, van a contratar un estudo das medidas precisas para reducilos ate o recomendado cunha empresa autorizada. Desde a sección de patrimonio do noso organismo avaliaron a idoneidade das obras a realizar. Mentres tanto, insistimos na necesidade de continuar coas medidas de ventilación e limitación da permanenza nestes espazos para limitar os riscos de exposición.

Troco de Réxime Xurídico

Con esta nota achego outra sobre a última reunión sobre este tema

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web <https://www.cigadmon.gal/estatal> e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota